

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado VAC da Costa Norte. Treito AG-64 (San Sadurniño)-Campo do Hospital. Subtreito: A Sanguineira-As Felgasas, nos municipios de San Sadurniño, Moeche e Cerdido, por un importe de 52.179.430,93 euros.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se autoriza a implantación de ensinanzas universitarias oficiais nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso 2010-2011.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se nomea a Manuel Antonio Varela Rey director xeral de Innovación na Xestión da Saúde

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de cinco millóns catrocentos oitenta e cinco mil douscentos noventa e seis euros con vinte e dous céntimos de euro (5.485.296,22 euros) da obra de primeira fase do acceso ao Hospital Monte Carrasco PO-542.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia, e excelentísima Deputación de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña por importe de trescentos sesenta mil seiscentos seis euros con noventa e nove céntimos (360.606,99 €)
- Acordo polo que se autoriza o texto do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, o Concello de Santiago e a *UTE Tralusa*, para o fomento da implantación da tarxeta metropolitana e do transporte limpo no eido urbano na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela, por importe de 830.000 €.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Deputación Provincial de Pontevedra e a *Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética* (Energylab) para a realización dun plan demostrativo para a instalación dunha planta piloto de biogás nunha explotación gandeira de vacún, por importe de trescentos cincuenta e oito mil catrocentos corenta euros (358.440 €).
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico denominado Punta Maeda (concellos de Ortigueira e Mañón (A Coruña)), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo, para promoción e apoio á investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un importe total de vinte e sete mil noventa euros (27.090 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización da contratación para a subministración sucesiva dos medicamentos administrados por vía parenteral: Omeprazol, Pantoprazol, Paracetamol, Levofloxacino, Piperacilina/Tazobactam, Amoxicilina/Clavulánico, Ciprofloxacino, e Ceftazidima (MI-SER1-10-043), por un importe de sete millóns vinte tres mil trescentos noventa e catro euros con noventa e dous céntimos (7.023.394,92 €)

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CONSELLERÍA TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Abegondo, para a ampliación da escola infantil 0-3 municipal, cunha contía de douscentos trinta e tres mil euros (233.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración con Calfensa, para o desenvolvemento da produción *in vitro* de pataca de semente, por un importe total de oitenta e nove mil trescentos dous euros con corenta céntimos (89.302,40 €).

INFORMES**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre o resultado do dispositivo extraordinario de loita contra os incendios forestais da unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia para a tempada de verán 2010.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a incidencia do temporal Becky nos portos e valoracións de danos.

A DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA E PLANIFICACIÓN PASA A DENOMINARSE DE INNOVACIÓN NA XESTIÓN DA SAÚDE PÚBLICA

- *O Consello aproba o decreto polo que se nomea director deste departamento a Manuel Antonio Varela Rey*
- *As súas funcións serán as mesmas que ata agora*
- *O cambio afectará o xeito de conseguir os seus obxectivos, reorientarase as súas actuacións cara á xestión por procesos, á busca de sinerxías cos axentes sociais e ao posicionamento de cara á nova Estratexia europea 2020*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto polo que se modifica o Decreto 83/2009, que fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, con este texto a Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade pasa a chamarse Dirección Xeral de Innovación na Xestión da Saúde Pública.

Neste sentido, a Estratexia europea 2020 céntrase nas accións colectivas e na obtención de resultados tanxibles en termos de altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social. Polo tanto, as iniciativas que promove están centradas na innovación, na axenda dixital europea e na xuventude como motor do cambio, así como na loita contra as desigualdades.

No eido das organizacións sanitarias, cómpre que estas incorporen novas tecnoloxías da información e comunicación nas cartas de servizos á poboación, de xeito que se superen as barreiras xeográficas, funcionais ou xeracionais a través de fórmulas en liña, plataformas de comunicación ou redes sociais.

Doutra banda, considérase necesario maximizar os beneficios da innovación en saúde para a poboación, contribuíndo á incorporación de procedementos e tecnoloxías no contorno sanitario que contribúan a un ambiente máis sustentable e respectuoso coa saúde dos cidadáns. Tamén é preciso poñer en marcha novas iniciativas que activen as entidades locais e asociacións cidadás para que estas participen activamente na xestión da súa propia saúde.

Con este obxectivo, é necesario reorientar os procesos, desenvolver novos modelos e estratexias da xestión en materia de saúde pública, e empezar por un posicionamento novo de cara ao futuro inmediato, no marco do contexto europeo, para aproveitar ao máximo as novas oportunidades.

Para responder a estes novos retos, a actual Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación está a levar a cabo este proceso de reorientación das súas funcións sen cambiar o fondo e os fins das mesmas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Por iso cómpre dotala dunha nova denominación -Dirección Xeral de Innovación na Xestión da Saúde- que reflicta mellor esta transformación na cultura da organización. As súas funcións serán as mesmas que ata agora, polo que o cambio só afectará o xeito de conseguir os seus obxectivos, reorientarase as súas actuacións á xestión por procesos, á busca de sinerxías cos axentes sociais e ao posicionamento de cara á nova Estratexia europea 2020.

Novo director

O Consello da Xunta aprobou así mesmo o decreto polo que se nomea director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública a Manuel Antonio Varela Rey, de 32 anos de idade e nado na cidade da Coruña.

No que se refire á súa traxectoria profesional, foi enxeñeiro de proxecto en Norcontrol (Applus+), compañía en que posteriormente exerceu como director de proxecto e *product manager*.

Así mesmo, foi director xerente de Cupa Innovación (do Cupa Group) e, ata a actualidade, director xerente de *Ingeniería Nacarsa SA*.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INICIO DO PROCESO EXPROPIATORIO DUN NOVO TRAMO DA VIA DE ALTA CAPACIDADE DA COSTA NORTE, ENTRE A SANGUIÑEIRA E FELGOSAS

- *Ten unha lonxitude de 7,8 quilómetros e está encadrado no treito que une San Sadurniño e o Campo do Hospital*
- *A infraestrutura viaria contará cun orzamento para levar a cabo as expropiacións de máis de 8,1 millóns de euros*
- *A actuación pretende diminuír os tempos de percorrido investidos e aumentar a seguridade viaria*
- *A nova vía de altas prestacións da Costa Norte articula, xunto coa autovía do Cantábrico (A-8) e a autovía Ferrol-Vilalba (AG-64), todo o territorio norte de Galicia, desde Ferrol a Cervo*
- *Cabe destacar o compromiso da Xunta coa vertebración do norte de Galicia, incrementando o investimento das vías de altas prestacións da costa cun orzamento de 21,4 millóns de euros en 2011, un 23% máis ca en 2010*
- *A porcentaxe de execución da VAP Costa Norte é do 21,52 %, concretamente da variante de Ortigueira xa se executou o 65% das obras previstas e do treito Celeiro-San Cibrao o 18% das obras. En total, está un 40% en execución ou expropiación*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se inician os trámites de expropiación para a execución do subtreito da vía de altas prestacións (VAP) da Costa Norte, comprendido entre A Sanguineira e As Felgosas, de 7,86 km de lonxitude. Este é un dos tres subtreitos que conforman o tramo da VAP da Costa Norte, comprendido entre a AG-64 (San Sadurniño) e o Campo do Hospital.

A vía de altas prestacións da Costa Norte, xunto coa autovía A-8 (autovía do Cantábrico) e a AG-64 (Ferrol-Vilalba) articulará todo o territorio norte de Galicia, desde Ferrol ata Cervo.

O Goberno galego xustifica que a urxencia de ocupación dos bens e dereitos precisos para a execución da presente actuación vén motivada pola necesidade de acadar unha maior capacidade e nivel de servizo que os proporcionados pola actual estrada Ferrol-límite de provincia-San Cibrao (AC-862).

Esta actuación pretende diminuír os tempos de percorrido investidos e aumentar a seguridade viaria, xa que se trata dun tramo encadrado nas obras de mellora das comunicacións da comunidade autónoma.

A Sanguineira- As Felgosas

Este novo tramo, do que se inicia o trámite expropiatorio, discorre entre o enlace da Sanguineira e o das Felgosas, atravesa os municipios de San Sadurniño, Moeche e Cerdido e inclúe o ramal de acceso a Cerdido. A infraestrutura viaria contará cun

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

orçamento de máis de 52,2 millóns de euros por parte da Xunta, dos que 8,1 millóns corresponden a expropiacións.

En canto ás características técnicas, a lonxitude será de 7,8 quilómetros, cunha sección transversal de corredor de dous carrís de 3,50 metros cada un. Ademais, cabe citar que a velocidade de proxecto establecida é de 100 km/hora e o raio mínimo das curvas é de 694 metros.

No que se refire a unidades de obra, realizarase unha escavación e a extensión de mestura bituminosa en quente así como o dobre tratamento superficial. Proxéctanse tres viadutos: Cabo Vello, de 120 metros; río Pereira, de 68 metros; e río Porto, de 120 metros.

O proxecto tamén recolle a reposición de camiños de servizo, a colocación de redes de abastecemento, o saneamento e tráfico, a drenaxe lonxitudinal e transversal e sinalización e balizamento.

A citada actuación beneficiará directamente a unha poboación total de 88.939 habitantes dos concellos de Ferrol, Moeche, Mañón, San Sadurniño, Cerdido e Ortigueira.

Así, con esta nova vía, da que se inicia o trámite de expropiacións, preténdese contribuír á vertebración das comunicacións do norte das provincias da Coruña e Lugo e os núcleos de poboación da costa, entre os que destacan as comarcas de Ferrolterra, Ortegal e As Mariñas.

A actuación suporá unha importante mellora na capacidade e nivel de servizo respecto aos proporcionados pola actual estrada AC-862 (Ferrol – límite de provincia– San Cibrao).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta


VAP da Costa Norte

A vía de altas prestacións da Costa Norte une San Sadurniño con San Cibrao e o importe ao que se eleva a materialización desta vía é de 460 millóns de euros. Para levala a cabo segmentouse o seu trazado en 10 treitos que implican a construción de 85,17 quilómetros de vía de altas prestacións.

Neste momento, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas está a executar as obras de construción doutros dous treitos da VAP Costa Norte: a variante de Ortigueira e o treito Celeiro-San Cibrao.

Neste momento, a porcentaxe en execución da VAP Costa Norte é do 21,52 %, concretamente da variante de Ortigueira xa se executou o 65% das obras previstas e do treito Celeiro-San Cibrao o 18% das obras; no relativo ás expropiacións, están no 17%; e en proxecto está o 60,97% da vía. En total, esta un 40% en execución ou expropiación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



Cabe destacar o compromiso da Xunta coa vertebración do norte de Galicia, incrementando o investimento da vía de altas prestacións da costa cun orzamento de 21,4 millóns de euros en 2011. Polo tanto, a pesar do recorte orzamentario, a Xunta blinda e garante o investimento necesario para a construción da VAP da Costa Norte, o que supón un incremento dun 23% respecto do orzamentado en 2010 (17 millóns de euros).

EDUCACIÓN DOTA POR PRIMEIRA VEZ ÁS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DUN REGULAMENTO ESPECÍFICO E DEFINITIVO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á norma base para o funcionamento destes centros, que nunca tiveron un regulamento propio*
- *A norma substituirá á circular que se vén aplicando transitoriamente nestas escolas*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dotará por primeira vez as escolas oficias de idiomas e as súas seccións dun regulamento orgánico que prevé as súas especificidades. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao de decreto polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficias de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, no cal se establece para estes centros un marco de organización, funcionamento e goberno diferenciado dos centros docentes públicos que imparten ensinanzas de réxime xeral.

Coa aprobación deste acordo, a Consellería de Educación dálle un novo pulo á estratexia de fomento da aprendizaxe de idiomas que se está a desenvolver no marco do Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras. As escolas oficias de idiomas levan décadas funcionando sen un regulamento propio que recolla as súas particularidades como centros de ensinanzas de réxime especial orientados a capacitar ao alumnado no uso dos distintos idiomas, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, a partir do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL).

A elaboración dunha regulación específica para as escolas oficias de idiomas permitirá poñer en marcha dinámicas de funcionamento propias, en que concreten tanto os aspectos relacionados co seu goberno e administración coma aqueles de tipo organizativo que lle permitan á cidadanía realizar as actividades académicas, de formación ao longo da vida, culturais e de promoción dos idiomas propios destas escolas.

Calidade e excelencia

Un dos puntos fundamentais deste regulamento é o dedicado á calidade e excelencia das EE.OO.II. Así, establécese a participación destes centros en procesos de avaliación interna e externa, co obxectivo de estimular a mellora e de mostrar os niveis de excelencia alcanzados nos ámbitos da súa actuación. A avaliación estenderase a todos os ámbitos, especialmente os relativos aos procesos de aprendizaxe e resultados do alumnado, á actividade do profesorado, á función directiva e ao funcionamento e organización das escolas.

Neste regulamento, ademais, recóllense cuestións básicas como os procedementos para a creación de escolas oficias de idiomas e as súas seccións e para o nomeamento e funcionamento dos órganos de goberno, de coordinación docente, e dos representantes do alumnado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Así mesmo, séntanse as bases para a coordinación do ensino a distancia e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). Doutra banda, queda fixado o procedemento para a coordinación da realización de probas de certificación nas EE.OO.II, e de actividades de culturais, entre outras. Ademais, o regulamento fixa as condicións para o desenvolvemento da autonomía pedagóxica e de xestión das escolas respecto do proxecto educativo, das programacións didácticas e da promoción da lingua galega. Este regulamento orgánico entrará en vigor para o curso académico 2011-2012.

Pulo ás linguas

A publicación deste regulamento vén complementar as actuacións da Consellería de Educación para a potenciación da importante función que desenvolven as EEOOII como centros específicos na aprendizaxe dos idiomas. Neste eido, a eficacia das accións iniciadas ao longo do pasado curso 2009-2010 deu a posibilidade de aumentar a matrícula nestas escolas un 12,48% máis ca no pasado curso.

Así mesmo, a para adaptar estes centros ás demandas reais da sociedade, púxose á disposición dos cidadáns unha oferta educativa modernizada, máis alá das ensinanzas regradas, que exixen cursar anos académicos completos para acadar algunha certificación. Deste xeito, a Consellería de Educación está a reorientar a oferta formativa destas escolas, coa incorporación dos novos cursos específicos que dean resposta ás necesidades dos colectivos profesionais de adquirir as competencias lingüísticas pertinentes para desenvolver o seu traballo nun mundo cada vez máis globalizado. Cursos dirixidos fundamentalmente ao profesorado dos nosos centros, así como formación dirixida a colectivos profesionais específicos de turismo ou comercio, entre outros.

Remate da provisionalidade

O decreto aprobado hoxe regula, con carácter definitivo, a organización –ata agora provisoria- das EE.OO.II., que se viñan rexendo por circulares da consellería, a máis actual é a 5/2009, que foi impugnada e sobre a que recentemente se ditou resolución xudicial que declaraba anulables dous dos seus puntos.

A sentenza do Xulgado número dous do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela fundamentábase en defectos formais da mencionada circular, por non someter dous dos seus puntos á Mesa Sectorial. A consellería considera que actuou conforme ao dereito ao entender que a circular se baseaba nunha regulación precedente de rango superior e mesmo na existencia doutra circular anterior que non foi impugnada.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN REMATA A TRANSFORMACIÓN DE TÍTULOS UNIVERSITARIOS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

- *O Consello da Xunta deu o visto e praxe a 13 graos, 10 mestrados e un programa de doutoramento, nas tres universidades do sistema universitario de Galicia (SUG)*

A Consellería de Educación autorizará 24 titulacións universitarias adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), despois de que o Consello da Xunta dera hoxe o visto e praxe a estes plans de estudo. Deste xeito, o Goberno galego remata o proceso de adaptación ao EEES, tal e como foi comprometido polo departamento educativo da Xunta.

Ao abeiro do decreto hoxe aprobado, autorízanse 13 títulos de grao, ben que todas resultan da transformación doutras ensinanzas da antiga ordenación universitaria. Así, os 13 graos autorizados resultan da transformación de 17 títulos vixentes ata agora. Deles, un impartirase na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e os doce restantes na da Coruña (UDC).

No caso dos mestrados, dos 10 títulos, dous son novos, pois o resto proceden da transformación do período de docencia dos vellos doutoramentos, eran títulos propios, ou son títulos que se autorizan novamente por modificarse substancialmente o seu plan de estudos. Destas titulacións de máster, dúas corresponden á USC, sete á UDC e unha á UVigo.

Ademais, o decreto a que hoxe deu o Consello da Xunta o visto e praxe recolle a autorización dun novo programa de doutoramento, o de estudos franceses, que se impartirá na USC.

Colaboración interuniversitaria

Doutra banda, o decreto hoxe aprobado impulsa a colaboración entre as universidades do sistema universitario de Galicia (SUG) e coas de fóra de Galicia. Así, catro dos mestrados son interuniversitarios do SUG.

Ademais, un dos máster da USC -en literatura alemá na idade media europea- ten acadado a cualificación de Erasmus Mundus da Comisión Europea, polo que nel participan coa USC outras oito universidades públicas europeas, en concreto a Universiteit Van Amsterdam (Holanda), Freie Universität Berlín (Alemaña), Universität Bremen (Alemaña), National University of Ireland, Galway (Irlanda), Univerza v Ljubljani (Eslovenia), Univerzita Palackého v Olomouci (República Checa), Università degli Studi di Palermo (Italia), Universidade do Porto (Portugal), e Universität Wien (Austria). Respecto do programa de doutoramento en estudos franceses da USC, é interuniversitario e internacional coa Université de Nantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O GASTO DE MÁIS DE 5,4 MILLÓNS DE EUROS PARA O INICIO DAS OBRAS DA 1ª FASE DO ACCESO AO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DE PONTEVEDRA**

- *Con esta actuación preténdese facer cidade, humanizar o barrio e acadar unha continuidade da trama urbana, así como aproximar as infraestruturas aos cidadáns en igualdade de condicións*
- *O obxectivo da Xunta é comezar as obras no segundo trimestre de 2011*
- *O investimento total nesta actuación, engadido o importe das expropiacións, ascenderá a 9,3 millóns de euros.*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o gasto de máis de 5,4 millóns para a execución das obras de desdoblamento da PO-542 (Ponte Bora-O Pino) que fará posible a conexión ao novo hospital público desde a cidade de Pontevedra. En concreto, este orzamento distribuirase en dúas anualidades: 1.322.798 millóns de euros no vindeiro 2011 e 4.162.497 millóns de euros para o 2012.

Unha vez realizados os trámites necesarios para ter os terreos á disposición, o obxectivo do departamento que dirixe Agustín Hernández é iniciar as obras no segundo trimestre de 2011. Grazas a esta actuación, a Xunta avanzará no obxectivo de abrir esta zona da cidade a todos os cidadáns e poñer en valor o territorio.

Con esta acción preténdese crear cidade, poñer en valor este espazo e iniciar un novo eixe de comunicación da cidade de Pontevedra. Tamén se dotará de servizos urbanos de calidade a unha zona que agora mesmo carece deles, permitindo ademais que os cidadáns desta zona de Pontevedra teñan os mesmos servizos e a mesma posibilidade de desenvolvemento que un veciño do núcleo urbano. Tamén se pretende permitir un acceso moderno, amplo e fácil ao novo hospital público.

Características


Desde a Consellería de Medio Ambiente proxectouse un cambio de sección, que unido ás características xeométricas da vía, consegue que a nova vía teña capacidade suficiente para facer fronte á demanda, tanto do tráfico xerado polas zonas residenciais e industriais, como polo xerado polo propio hospital.

As obras consistirán no desdoblamento da estrada Ponte Bora-O Pino (PO-542) desde a glorieta O Marco en dirección Bora ata o enlace co futuro hospital público de Montecarrasco, o que implica unha nova vía de case 1,5 quilómetros de lonxitude e cunha plataforma de 18 metros, aos que hai que engadir dúas zonas de aparcamento (de 2,5 metros cada unha) e beirarrúas de dous metros.

O investimento total nesta actuación, engadido o importe das expropiacións, ascenderá a 9,3 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais do desdoblamento da estrada, a actuación prevé a incorporación de dúas novas glorietas. Así mesmo, tamén se incluírá a instalación da rede de drenaxe, saneamento e abastecemento, iluminación pública, así como a rede de enerxía eléctrica e telecomunicacións.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Coa posta en funcionamento desta vía, máis de 80.000 veciños de Pontevedra poderán beneficiarse deste novo acceso, cifra que se elevará tendo en conta o número de facultativos que traballarán nesta infraestrutura sanitaria, así como os pacientes a que se atenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE DESTINA 360.000 EUROS DO CANON DE EXPLOTACIÓN DO ENCORO DE CALDAS DE REIS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DE EDUCATIVAS E SOCIAIS NOS CONCELLOS DE CALDAS, CUNTIS E MORAÑA**

- *Desde o ano 2002, a Xunta leva asignado case preto de 2,6 millóns de euros en concepto de canon de explotación do encoro de Caldas de Reis*
- *Unha das novidades deste ano é que a partir de agora se aplicará o importe do convenio o incremento anual do índice de prezos de consumo (IPC)*

O Goberno galego destinará máis de 360.000 euros procedentes do canon de explotación do encoro de Caldas para a promoción de actividades educativas, sociais e culturais. O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o convenio polo que se establecen as bases que rexerán a cooperación técnica e económica entre Augas de Galicia e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.

O organismo autónomo Augas de Galicia destina esa cantidade anual para o financiamento de obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social nestes tres concellos da provincia da Coruña, repartido a partes iguais. Estes fondos proceden da recadación polo canon xerado pola explotación do aproveitamento hidroeléctrico do encoro de Caldas de Reis.

Unha das novidades que se introduce no convenio que se asinará este ano é que a partir de 2011 se actualizarán estas cantidades, xa que serán revisadas anualmente en función do índice de prezos ao consumo (IPC).

Desde o ano 2002, a Xunta leva asignado case preto de 2,6 millóns de euros en concepto de canon de explotación do encoro de Caldas de Reis, que axudaron a apoiar actividades educativas, culturais e de asistencia social dos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA INVESTIRÁ 830.000 EUROS NAS CANCELADORAS QUE GARANTIRÁN A OPERATIVIDADE DA NOVA TARXETA METROPOLITANA DE SANTIAGO E NA ADQUISICIÓN DE TRES AUTOBUSES**

- *As medidas que se levarán a cabo facilitaránlles a mobilidade tanto aos habitantes de Santiago de Compostela como aos veciños de Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, O Pino, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra*
- *A compra de 63 máquinas canceladoras-expendedoras garantirá a operatividade da tarxeta metropolitana tanto na cidade coma na área metropolitana*
- *A previsión da Xunta de Galicia é que comecen as probas piloto das novas máquinas en xaneiro do próximo ano e que sexan operativas o primeiro trimestre do 2011*
- *Esta actuación materializa o convenio aprobado polo Consello da Xunta o pasado 28 de outubro, en que se sentaron as bases da implantación do Plan de Transporte Metropolitano de Santiago (PTM)*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela, xunto coa empresa *UTE Tralusa*, que se encarga do servizo do transporte urbano da capital galega.

Neste convenio acórdase un investimento de 830.000 euros por parte da Xunta de Galicia, dos que 600.000 (fondos Feder) irán destinados á adquisición de tres novos autobuses e 230.000 se destinarán á compra das máquinas canceladoras de nova tecnoloxía necesarias para á implantación da nova tarxeta metropolitana.

Estas medidas que se levarán a cabo permitirán a implantación do popularmente coñecido como "billete único", é dicir, a nova tarxeta metropolitana, que permitirá conectar de modo transparente para os usuarios o transporte interurbano de proximidade da área metropolitana co transporte urbano da cidade.

Deste xeito, facilitarálles a mobilidade tanto aos habitantes de Santiago de Compostela como aos veciños dos once concellos adscritos ao Plan de Transporte Metropolitano de Santiago (PTM): Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, O Pino, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas destinará a maior partida á compra de tres novos autobuses urbanos, co fin de promover o transporte limpo no centro histórico da capital, así como á necesidade de substituír progresivamente os autobuses de máis de doce anos por outros máis respectuosos co ambiente.

Máquinas expendedoras-canceladoras

Medio Ambiente investirá 230.000 euros na compra de 63 novas máquinas canceladoras-expendedoras que garantirán a operatividade da nova tarxeta metropolitana no sistema de transporte urbano da capital galega. Actualmente, o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

sistema de transporte urbano dispón dunha tarxeta específica da empresa, recargable nos autobuses e que funciona a modo de bono.

A finalidade destas máquinas será que o usuario que posúa a nova tarxeta de transporte metropolitano acceda á rede de servizos metropolitanos, cun novo sistema tarifario zonal. Este novo sistema tarifario estará baseado na distribución do territorio da área metropolitana en zonas tarifarias, constituída cada unha delas por un ou varios concellos. O procedemento para o cálculo da tarifa é moi simple e baséase no número de zonas que se atravesan nun desprazamento.

Sinalar que outra das principais vantaxes do novo sistema é a interacción das redes urbanas e interurbanas, o que permite despenalizar os transbordos entre redes cun importante aforro para as persoas usuarias. Ademais, coa implantación destas máquinas será posible transmitir os datos ás administracións para os efectos de compensación ás empresas operadoras de transporte. O convenio terá vixencia ata o 31 de decembro do 2011.

Plan de Transporte Metropolitano de Santiago

Esta actuación materializa o convenio aprobado polo Consello da Xunta o pasado 28 de outubro en que se sentaron as bases da implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano de Santiago (PTM). A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, prevé un investimento final de máis de 12 millóns de euros na área compostelá, dos cales máis do 80% serán achegados pola Xunta de Galicia, ademais de facerse cargo do importe dos transbordos.

A implantación do novo plan incorpora os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, O Pino, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra, creando unha área metropolitana beneficiada que suma máis de 178.000 galegas e galegos e que permitirá coa súa posta en marcha implantar progresivamente 16 novas rutas; das cales catro serán de interese municipal e as outras doce de interese metropolitano. En definitiva, garantírase unha maior coordinación entre os medios urbanos e interurbanos mediante a posta en marcha do programa de transbordos gratuítos para os usuarios, un incremento da oferta de servizos e o programa de mellora da información aos usuarios e mellora de infraestruturas (marquesiñas, intercambiadores...).

ECONOMÍA E INDUSTRIA IMPULSA A POSTA EN MARCHA DA PRIMEIRA PLANTA PILOTO DE BIOGÁS NUNHA EXPLOTACIÓN GANDEIRA GALEGA

- *Economía e Industria apoiará este proxecto experimental cunha achega de case 360.000 euros, coa finalidade de acadar novas formulas enerxéticas non contaminantes*
- *A Xunta apoia economicamente o desenvolvemento destas tecnoloxías de carácter experimental para facer realidade a implantación de modelos sustentables*
- *A produción do biogás e dun composto fertilizante, asociado a ela, fan desta actividade unha alternativa interesante para as explotacións gandeiras e as actividades agropecuarias*

O Consello da Xunta vén de autorizar á Consellería de Economía e Industria a sinatura dun convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra e a *Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética* (Energylab) que permitirá a posta en marcha do primeiro plan demostrativo para a instalación dunha planta piloto de biogás nunha explotación gandeira de vacún, concretamente na Finca Mouriscade, no Concello de Lalín.

A Consellería de Economía e Industria apoiará este proxecto experimental cunha achega de case 360.000 euros, coa finalidade de acadar novas formulas enerxéticas capaces de promover o aproveitamento das fontes non contaminantes.

Deste xeito, a Xunta de Galicia contribúe á busca de novos patróns de produción de enerxía, a prol dunha menor dependencia no consumo de combustibles derivados do petróleo. A tecnoloxía que se porá a proba, a través deste convenio, poderá supoñer un grande avance no aproveitamento de purines da biomasa xerada no agro galego.

A consellería, que dirixe Javier Guerra, mantén unha aposta firme por este tipo de tecnoloxía, tendo en conta que a produción do biogás e mais dun composto fertilizante, asociado a ela, fan desta actividade unha alternativa interesante para as explotacións gandeiras e as numerosas actividades agropecuarias.

A Xunta apoia economicamente o desenvolvemento destas tecnoloxías de carácter máis experimental, no eido das enerxías renovables, para facer realidade os proxectos innovadores que permitirán a implantación de modelos sustentables de cara ao aproveitamento das fontes máis limpas.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A SUPRAMUNICIPALIDADE DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO PUNTA MAEDA

- *Os planeamentos dos concellos de Ortigueira e Mañón, na provincia da Coruña, quedan vinculados ás determinacións do proxecto sectorial que se aproba*
- *A aprobación do proxecto sectorial do parque eólico Punta Maeda permitirá a implantación dunha nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables*

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado Parque Eólico Punta Maeda, cunha potencia de 13,2 MW, logo de obter todos os pronunciamentos favorables. De conformidade con este acordo, os planeamentos dos concellos de Ortigueira e Mañón, na provincia da Coruña, quedan vinculados ás determinacións do proxecto sectorial que se aproba.

Isto garantirá a adecuada inserción no territorio das infraestruturas, dotacións e instalacións que constitúen o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos existentes, a súa adaptación ao contorno en que se atopen e a súa articulación coas determinacións do planeamento urbanístico e territorial vixente.

Así mesmo, cómpre lembrar que os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial de infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social, cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou se asenten sobre varios termos municipais.

A aprobación do proxecto sectorial do Parque Eólico Punta Maeda permitirá a implantación dunha nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables, como é a enerxía eólica, e suporá un novo avance no desenvolvemento deste tipo de enerxías e un paso máis na redución da dependencia de fontes de enerxía contaminantes, coma os combustibles fósiles, no marco da Directiva 2009/28/CE, do 23 de abril, relativa ao fomento do uso da enerxía procedente de fontes renovables, que define como obxectivo obrigatorio para o ano 2020 unha cota do 20% de enerxías procedentes destas fontes.

EDUCACIÓN E A UNIVERSIDADE DE VIGO REFORZAN A SÚA COLABORACIÓN A PROL DA INVESTIGACIÓN SOBRE A LINGUA GALEGA

- *O Consello da Xunta deu o visto e praxe á sinatura do convenio entre Educación e a UVigo para a cooperación científica e técnica nos proxectos do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo (UVigo) reforzan a súa colaboración a prol da investigación sobre o galego. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura dun convenio entre ambas as partes durante os anos 2010, 2011 e 2012, que establece a cooperación nas actividades de coordinación e asesoramento científico e técnico nos proxectos do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que depende da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Para isto, a consellería contará coa colaboración de destacados profesionais da UVigo que impulsarán as tarefas de coordinación científica e dirección técnica do centro, así como de dirección e colaboración nos proxectos e programas de investigación que nel se desenvolvan, en concreto na elaboración do sintetizador de voz para o galego e mais do etiquetador/lematizador do galego actual.

Pola súa parte, a Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, contribuirá a sufragar estes proxectos ata 2012 coa achega de 27.090 euros.

Implicación das tres universidades no labor do Centro Ramón Piñeiro

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que forma parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística, ten en marcha diversos proxectos que inciden no estudo filolóxico e de conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas e que permiten unha investigación en profundidade da nosa historia lingüística e literaria. Nestes proxectos, ademais dos da UVigo, tamén colaboran profesionais da Universidade da Coruña e da Universidade de Santiago de Compostela, grazas tamén aos convenios de colaboración que se asinaron o pasado mes de setembro con estoutas entidades.

Colaboración a prol da investigación e da presenza do galego no ámbito universitario

Ademais destes convenios, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, tamén colabora coas tres universidades para favorecer a extensión da lingua galega no ámbito universitario. No marco de cadanseu convenio de colaboración, Política Lingüística bríndalles apoio á tres entidades para a realización de diversas actuacións, como actividades formativas, convocatoria de premios, organización de encontros, campañas para promover o uso do galego ou proxectos de investigacións sobre esta lingua.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O SERGAS AFORRARÁ 1,2 MILLÓNS DE EUROS EN DOUS ANOS COA CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE OITO MEDICAMENTOS**

- *Mediante este sistema optimízase a compra, establecendo un prezo único para toda a demanda que existe na actualidade*
- *A subministración sucesiva permitirá a mellora na calidade e resposta rápida no diagnóstico, prescrición e instauración de tratamentos; na xestión da demanda por parte dos usuarios; e na expectativa de vida da poboación*
- *Sanidade está a desenvolver un plan de contención de gasto farmacéutico para acadar o desenvolvemento das mellores prácticas de prescrición e o bo uso do medicamento e que buscan a participación dos axentes implicados*

O Consello da Xunta autorizou a contratación para a subministración sucesiva dos medicamentos administrados por vía parenteral Omeprazol, Pantoprazol, Levofloxacino, Piperacilina/Tazobactam, Amoxicilina/Clavulánico, Ciprofloxacino e Ceftazidima por un valor estimado de 7.023.394,92 euros.

Mediante este sistema optimízase a compra, establecendo un prezo único para toda a demanda que existe na actualidade. A estimación prevista de aforro para os dous anos de contrato é dun 17%, é dicir, preto de 1,2 millóns de euros.

Así, a adquisición destes fármacos mediante subministración sucesiva permitirá a mellora en tres aspectos fundamentais sobre a prescrición e dispensación de medicamentos: a calidade e resposta rápida no diagnóstico, prescrición e instauración de tratamentos nos distintos centros hospitalarios; a xestión da demanda por parte dos usuarios; e a expectativa de vida da poboación.

Deste xeito, o expediente de contratación divídese en oito lotes, cada un deles cunha presentación determinada do medicamento en cuestión, que se corresponde coas opcións que teñen maior prescrición no sistema público de saúde de Galicia.

A Consellería de Sanidade está a aplicar todas as iniciativas que se enmarcan nas súas competencias vinculadas a reducir o gasto farmacéutico co fin de contribuír a garantir a sostibilidade do sistema sanitario público de Galicia.

Neste contexto, ten iniciado un plan de contención de gasto farmacéutico cunha serie de medidas que permiten o desenvolvemento das mellores prácticas de prescrición e o bo uso do medicamento e que buscan a participación e sensibilización de todos os axentes implicados na cadea da prescrición-dispensación do medicamento.

**BENESTAR COLABORARÁ CON 230.000 EUROS CO CONCELLO DE ABEGONDO
PARA AMPLIAR A ESCOLA INFANTIL CON 41 NOVAS PRAZAS**

- *O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a sinatura dun convenio de cooperación entre o departamento autonómico e este municipio*
- *Na Coruña poranse en marcha en 2011 un total de nove escolas infantís con máis de 400 prazas novas*

A Consellería de Traballo e Benestar colaborará con máis de 230.000 euros co Concello de Abegondo para ampliar a escola infantil de 0 a 3 anos con 41 prazas, que se suman ás 29 xa existentes.

Así, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de cooperación entre este departamento autonómico e o concello, co fin de instrumentar a colaboración de cara á posta en marcha destas novas prazas. Esta actuación encádrase no programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Estas actuacións inscríbense no obxectivo prioritario do Goberno galego de incrementar as prazas destinadas á educación infantil de 0 a 3 anos para axudar as familias galegas na conciliación da vida familiar e laboral.

1.000 novas prazas en 2011

De feito, os orzamentos do departamento autonómico para 2011 permitirán a posta en funcionamento ao longo do próximo ano de 1.000 novas prazas en arredor de 25 escolas. O investimento da consellería para a creación destas 1.000 novas prazas ascenderá a 3,1 millóns de euros. Xunto con ese investimento en novas prazas, a Consellería de Traballo e Benestar destinará 47,1 millóns de euros ao mantemento das 15.850 prazas de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos xa en funcionamento.

O investimento previsto para o vindeiro ano permitirá chegar ao remate de 2011 con arredor de 17.000 prazas sostidas con fondos públicos, o que supón un incremento superior ao 20% respecto ao comezo da lexislatura, e alcanzará unha ratio de cobertura do 26% fronte ao 21,3 que existía en abril de 2009.

Na Coruña

Por provincias, a consellería no ano 2011 construírá ou rematará a construción de nove escolas na Coruña, catro en Lugo, catro en Ourense e catro en Pontevedra. A estas escolas sumaríanse algunhas outras construídas por concellos das que a Xunta de Galicia asumirá a xestión.

MEDIO RURAL E CALFENSA COLABORARÁN NA PRODUCCIÓN *IN VITRO* PARA O SECTOR DE PATACA DE SEMENTE LIBRE DE VIRUS

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio cuxo obxectivo é conservar e promocionar as variedades específicas de patacas cualificadas como de interese estratéxico da Comunidade Autónoma de Galicia*
- *O importe total ascende a 89.302,40 euros, cofinanciados con fondos Feader*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a empresa Calfensa para o desenvolvemento da produción *in vitro* de pataca de semente libre de virus, por un importe total de 89.302,40 euros.

O proxecto ten como obxectivo conservar e promocionar as variedades específicas de patacas cualificadas como de interese estratéxico da Comunidade Autónoma de Galicia, evitando o seu esmorecemento e a desaparición en termos comerciais. A finalidade última é a de contribuír decisivamente á posta en marcha de mercados de produción e consumo destas variedades, poñendo aos produtores en condicións de ofrecelas ao público e motivando a súa adquisición polos consumidores.

Importe

Este convenio de colaboración ten un importe total de 89.302,40 euros, dos cales o 57,56% é financiado por fondos Feader; mentres que o resto é financiado con cargo a fondos propios da consellería. O importe está dividido en tres anualidades, polo que 51.920,00 euros serán para este ano 2010; 18.691,20 euros para o 2011 e, no 2012, serán 18.691,20 euros.

Competencias

A Consellería do Medio Rural financiará unha parte da formación aos técnicos de Calfensa, necesaria para a produción da semente e posterior comercialización da pataca. Tamén se compromete a promocionar a variedade *Fina de Carballo* e a iniciar estudos de cara á súa inclusión como unha das variedades acollidas á indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia. Por último, comprométese tamén a facer entrega de 5 quilos de semente desta variedade para comezar a súa produción *in vitro*.

Pola súa parte, Calfensa orientará un mínimo do 70% da súa capacidade produtiva de pataca certificada ás variedades de interese estratéxico, durante un prazo de 6 anos, e a manter pola técnica *in vitro* as variedades autóctonas de pataca en perigo de erosión xenética. Calfensa terá que facer entrega da cantidade precisa de pataca de semente para ensaios ou actividades de divulgación demandada por Medio Rural e poñer unha parte da súa produción da variedade *Fina de Carballo* á disposición do sector produtor.

Calfensa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Esta empresa forma parte da *Asociación de Produtores Galegos de Semente de Pataca* (Progasepa), en calidade de empresa produtora e comercializadora, e desenvolve actuacións de investigación, ensaio e unha actividade comercial no ámbito da produción de semente desde o ano 2000.

O DISPOSITIVO ESPECIAL DE LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DA POLICÍA AUTONÓMICA INCREMENTOU NUN 57% AS PATRULLAS DE PREVENCIÓN NO VERÁN 2010

- *A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza presentou no Consello da Xunta un informe sobre o traballo deste corpo no Pladiga 2010*
- *Un total de 187 axentes realizaron 652 patrullas de investigación, 2.132 de prevención; 931 identificacións de persoas, 1.163 de vehículos e case 1.900 entrevistas*

O dispositivo extraordinario de loita contra incendios forestais da Policía autonómica para este verán incrementou nun 57% as patrullas de prevención respecto ao ano 2009. Así o recolle un informe presentado esta mañá no Consello da Xunta, que destaca a actuación satisfactoria e eficaz deste corpo na loita contra os lumes forestais pese ao descenso paulatino que vén sufrindo no seu número de efectivos desde o ano 2007.

O Plan de loita contra incendios forestais en Galicia (Pladiga) prevé cada ano a colaboración específica do persoal da unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), en tarefas tanto relativas á prevención de lumes como á posterior investigación deles, de xeito que se poidan deter as persoas que aparezan como as súas autoras.

Así, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2010 -o núcleo temporal de maior interese do Pladiga-, a Policía autonómica realizou 652 patrullas de investigación e 2.132 de prevención; 931 identificacións de persoas, 1.163 identificacións de vehículos; e case 1.900 entrevistas, ben sexa a persoal forestal ou a outros corpos que actúan na loita contra os lumes no monte galego.

Actividades de prevención

É para destacar que as actividades de prevención, tales como patrullas, identificacións de persoas e vehículos ou a colaboración con outros corpos, teñen un efecto real na minoración do número de lumes, evitando en moitos casos que teñan que actuar os servizos de extinción de incendios da Xunta de Galicia.

O operativo especial, deseñado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, contou con 187 efectivos, fronte aos 280 axentes con que se traballaba no ano 2007, os 203 de 2008 e os 194 do ano pasado. Esta diminución de axentes, nunha actividade tan importante para Galicia, deixa de manifesto novamente a necesidade de que o Ministerio de Interior complete o cadro de persoal da unidade de Policía adscrita á comunidade autónoma, que debería ter 500 axentes e na actualidade so conta cuns 370.

Detidos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Nesta campaña houbo 25 persoas detidas, das cales 10 foron por incendios intencionados (40%) e as outras 15 por imprudencias. Os datos da unidade de Policía adscrita reflicten que a maioría destes presuntos incendiarios teñen unha media de idade en torno aos 47 anos e que maioritariamente se trata de homes (84%).

O éxito da campaña de loita contra incendios forestais en Galicia deste verán vén motivado polo aumento das actuacións de prevención -patrullas, identificacións de persoas e vehículos, denuncias por queimas, etc.-; polo incremento de actividades relacionadas coa investigación de lumes -entrevistas, dilixencias e investigacións de perfís de presuntos autores- e polo importante aumento no número de persoas detidas como responsables, que nesta edición foi sensiblemente superior ás dos últimos anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A CONSELLERÍA DO MAR CIFRA OS DANOS OCASIONADOS POLO TEMPORAL “BECKY” NAS ESTRUTURAS PORTUARIAS EN MÁIS DE 4,3 MILLÓNS DE EUROS

- *Á parte das estruturas portuarias quedan pendentes de avaliación os posibles danos ocasionados nas zonas marisqueiras, nas embarcacións e mais nas artes e aparellos, ao tratarse dun estudo que require máis tempo para obter os resultados*
- *A Xunta de Galicia comezará as dilixencias oportunas ante a compañía aseguradora das estruturas portuarias para que se faga cargo do pagamento dos danos ocasionados polo fenómeno meteorolóxico adverso*
- *Na procura da salvagarda dos habitantes dos municipios afectados actuarase inmediatamente naquelas instalacións cuxos danos poidan ocasionar un perigo para os cidadáns*

A Consellería do Mar trasladou hoxe ao Consello da Xunta un informe en que dá conta das consecuencias do temporal “Becky” no relativo ás instalacións portuarias. O departamento que dirixe Rosa Quintana realizou unha avaliación económica dos danos nos portos galegos e establecen o importe de 4.349.344 de euros como orzamento inicial dos danos ocasionados polo temporal nestas infraestruturas. Neste sentido, a Xunta de Galicia anunciou que comezará as dilixencias oportunas ante a compañía aseguradora das estruturas portuarias para que se faga cargo do pagamento dos danos ocasionados polo fenómeno meteorolóxico adverso.

Durante o consello celebrado hoxe determinouse que a relevancia das avarías rexistradas fai necesaria a súa pronta reparación co fin de garantir o correcto funcionamento da estrutura, acadar unha normalización da actividade portuaria e evitar calquera risco para a integridade física das persoas. Deste xeito, comezarse de inmediato a reparación daqueles danos en estruturas que poidan supor un perigo para os habitantes dos municipios afectados.

A pesar desta primeira aproximación das perdas ocasionadas por “Becky” en Galicia, quedan pendentes de avaliación os posibles danos orixinados nos recursos mariños, nas embarcacións e mais nas artes e aparellos. O tempo e o mal estado do mar son factores que están a atrasar este estudo que precisa de máis tempo para poder obter resultados.

Principais danos

O temporal afectou sobre todo os portos da provincia de Lugo e do norte da provincia da Coruña. Así, vironse afectadas as instalacións portuarias de Ribadeo, Rinlo, Foz, Burela, San Cibrao, Portocelo, Celeiro, O Vicedo e O Barqueiro -na provincia de Lugo- e Bares, Espasante, Cariño, Mugar dos, Suevos, Malpica de Bergantiños, Arou, Laxe, Camariñas, Santa Mariña e Camelle na provincia da Coruña. Os portos da provincia de Pontevedra case non sufriron danos, só pequenas incidencias derivadas do forte vento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

que tiveron como consecuencia voaduras de tellados, desprendementos de tellas e pequenas avarías na iluminación.

Na zona norte, desde Ribadeo a Mugardos, o orzamento estimado dos danos é de 3.499.644 euros. Entre as perdas ocasionadas nesta zona destacan as do porto de Cariño onde os estragos se produciron no peche do porto das instalacións do PBIP (instalacións de seguridade do peirao comercial). Ademais caeron 50 metros do murete de protección e romperon as portas dos departamentos de usuarios. No porto de San Cibrao a forza do mar levou unha parte do dique de protección, o aire levantou os tellados de dous departamentos de usuarios e caeron varios portais. No porto de Bares viuse moi afectada a escollera do dique e producíronse importantes avarías nas rampas e pavimentos. En Ribadeo perdeuse a protección do dique así como as canalizacións, arquetas e tapas de sumidoiros. No peirao de Espasante o temporal afectou a diversos peches e o muro do contradique. Ademais viuse afectado o pavimento e a iluminación.

Na denominada zona centro, comprendida entre Suevos e Muros, o orzamento inicial estimado para sufragar os gastos das incidencias polo fenómeno meteorolóxico adverso é de 849.600 euros. Así, entre os danos ocasionados destaca o porto de Malpica de Bergantiños, onde a forza do mar fixo que se desprendese parte do muro próximo á lonxa e que se desprazasen algúns bloques do dique. No porto de Corme e tamén no de Laxe, resultaron afectados os diques de defensa. No porto de Suevos as perdas afectaron fundamentalmente os departamentos de usuarios polo derrubamento de portas e a caída de dous soportes de iluminación. Tamén sobresaen os danos acaecidos en Camelle, onde a auga danou, entre outros, o pavimento do porto.

O temporal "Becky" rexistrou ondas de ata 17 metros na Coruña, situáse nos 10 metros. Os danos máis importantes producíronse pola combinación de fortes ondas, ventos superiores a 90 quilómetros/hora e a incidencia da preamar viva.